

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 24 de agosto de 2021 e que literalmente transcrito di:

“Por resolución da Concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, asinada o 26/05/2021, apróbanse as bases para a provisión polo sistema de libre designación de varios postos de traballo vacantes no Concello. Bases publicadas no BOP da Coruña num. 109 de 11 de xuño.

Publicada a convocatoria no Boletín Oficial do Estado de data 16 de xullo de 2021, ábrese o prazo para a presentación de solicitudes.

No artigo 56 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración xeral do Estado, recóllese: *"1. Los nombramientos deberán efectuarse en el plazo máximo de un mes contado desde la finalización del de presentación de solicitudes. Dicho plazo podrá prorrogarse hasta un mes más."*

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o 6 de agosto, para tomar parte na convocatoria apróbase a lista de persoas admitidas e se lles convoca aos efectos de celebrar unha entrevista persoal.

Por causa sobrevida faise imposible a celebración da entrevista nas datas indicadas polo que se propón á Concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Pospoñer a data da celebración das entrevistas previstas ata se dite unha nova resolución. O anuncio publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal.

Segundo.- Prorrogar un (1) mes o prazo máximo recollido no artigo 56 do Real Decreto 364/1995 para o nomeamento das persoas candidatas seleccionadas.

Terceiro.- Ordenar a publicación do acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal.

Non obstante vostede resolverá"

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña.

**Decreto.-** Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Dou fe,  
O secretario xeral